B1.5. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados para a resolución de problemas.

B2.2. Seleccionar, instrumentos e unidades de medida usuais, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, superficie, peso/masa, capacidade e tempo, en contextos reais.

B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, establecendo conexión entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados para a resolución de problemas.

B2.6. Coñecer o sistema sexaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.

B3.1. Identificar e clasificar triángulos segundo os lados e os ángulos. Clasificar cuadriláteros.

B3.2. Utilizar as nocións xeométricas para describir e comprender situacións da vida cotiá.

- B4.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao entorno inmediato.
- B4.2. Representar puntos en eixes cartesianos e identificar coordenadas de puntos representados en eixes cartesianos
- B1.1. Empregar a competencia dixital para resolver problemas matemáticos relacionados coa vida cotiá.
- B1.2. Comparar e ordenar números enteiros e identificar e representar números enteiros na recta enteira.
- B1.4. Recoñecer situacións reais onde aparecen múltiplos e divisores.
- B1.5. Utilizar os números enteiros, decimais, e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.
- B2.1. Coñecer as unidades de medida de tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.
- B3.1. Calcular perímetro e área de diferentes figuras.
- B3.2. Coñecer as características dos corpos xeométricos e aplicarlas para clasificar poliedros.
- B4.2. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares
- B1.1. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.
- B1.2. Aplicar o razoamento matemático e o proceso de pensamento científico para desenvolver a capacidade de identificar, plantexar e resolver situacións da realidade e retos académicos.
- B1.4. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita as propiedades das operacións, en situacións de resolución de problemas.
- B2.1. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea
- B3.1. Coñecer as características dos corpos xeométricos e aplicarlas para clasificar corpos de revolución (cono, cilindro y esfera) e os seus elementos básicos.
- B3.2. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría para describir e comprender situacións da vida cotiá.
- B4.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos.

3.3.- ESTÁNDARES MÍNIMOS DE APRENDIZAXE AVALIABLES

MÓDULO I

Bloque 1: NÚMEROS E OPERACIÓNS

- B1.1.1. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números, utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- B1.1.2. Identifica os números romanos.
- B1.2.1. Realiza mentalmente cálculos numéricos sinxelos utilizando a numeración e as operacións básicas estudadas.
- B1.2.2. Utiliza os recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas de aprendizaxe e da vida cotiá.
- B1.5.1. Resolve problemas sinxelos da vida cotiá aplicando estratexias persoais de resolución e aplicando as operacións básicas estudadas.

Bloque 2: A MEDIDA. ESTIMACIÓN E CÁLCULO DE MAGNITUDES

- B2.1.1. Expresa medidas de lonxitude, masa, tempo, superficie, utilizando as unidades máis adecuadas á magnitude que se mide.
- B2.2.1. Realiza estimacións de medidas, seleccionando as unidades e instrumentos máis axeitados, de acordo co tipo e coa cantidade da magnitude que se quere medir.
- B2.2.2. Representa os espazos e períodos de tempo a diversas escalas empregando as unidades de medida e as súas equivalencias.
- B2.4.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema).

Bloque 3: XEOMETRÍA

B3.1.1. Emprega o razoamento matemático para clasificar as figuras xeométricas estudadas de acordo con criterios libremente elixidos e preestablecidos.

B3.2.1. Analiza patróns numéricos e xeométricos expresándoos mediante regras simbólicas cando é posible.

B3.2.2. Colabora activa e responsablemente no traballo en equipo, manifestando iniciativa para resolver problemas que implican a aplicación dos contidos estudados.

Bloque 4: TRATAMENTO DA INFORMACIÓN, AZAR E PROBABILIDADE

B4.1.1. Obtén información concreta a partir da consulta de mapas e planos.

B4.1.2. Representa espazos concretos mediante planos sinxelos.

B4.1.3. Utiliza planos e mapas con escala para orientarse por lugares descoñecidos.

B4.2.1. Sitúase no plano, no espazo e no tempo coa axuda de representacións matemáticas: sistema de coordenadas.

MODULO II

Bloque 1: NÚMEROS E OPERACIÓNS

B1.1.1. Utiliza os recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas de aprendizaxe e da vida cotiá.

B1.2.1. Ordena números enteiros por comparación, representación na recta numérica e transformación duns en outros.

B1.4.1. Resolve problemas sinxelos da vida cotiá aplicando operacións básicas con números decimais e enteiros, aplicando estratexias persoais de solución.

B1.4.2. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 y 10.

B1.4.3. Calcula tódolos divisores de calquera número menor que 100.

B.1.4.4. Calcula o m.c.m. e o m.c.d.

B1.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.

Bloque 2: A MEDIDA. ESTIMACIÓN E CÁLCULO DE MAGNITUDES

B2.1.1. Expressa con precisión medidas de superficie e tempo, usando os múltiplos e os divisores máis comúns e realizando conversións cando sexa necesario.

B2.3.1. Relaciona a linguaxe cotiá e académico coa linguaxe matemática.

Bloque 3: XEOMETRÍA

B3.1.1. Calcula o perímetro e a superficie das formas estudadas.

B3.1.2. Aplicación do cálculo de áreas e perímetros das figuras xeométricas estudadas á resolución de problemas tomados da vida cotiá.

B3.2.1. Relaciona a linguaxe cotiá e o académico coa linguaxe matemática empregando expresións e representacións xeométricas.

Bloque 4: TRATAMENTO DA INFORMACIÓN, AZAR E PROBABILIDADE

B4.1.1. Recolle e clasifica datos cualitativos e cuantitativos, de situacións do seu entorno, utilizándoos para construír gráficos sinxelos.

B4.1.2. Utiliza distintas formas de organizar e representar un mesmo conxunto de datos e obtén información a partir deles.

B4.2.1. Comprende e usa termos básicos de estatística a partir da análise de mostras de datos sinxelos e habituais no seu entorno.

B4.2.2. Elabora e presenta gráficos e táboas de forma ordenada e clara.

MODULO III

Bloque 1: NÚMEROS E OPERACIÓNS

B1.1.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais), utilizando razoamentos apropiados.

B1.2.1. Relaciona a linguaxe cotiá e o académico coa linguaxe matemática empregando fraccións, números mixtos, potencias.

B1.4.1. Realiza cálculos numéricos mediante diferentes procedementos: cálculo mental, tenteo, algoritmos, calculadora.

B1.4.2. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.

Bloque 2: A MEDIDA. ESTIMACIÓN E CÁLCULO DE MAGNITUDES

B2.1.1. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.

B2.1.2. Utiliza os múltiplos e submúltiplos do euro e establece equivalencias entre moedas e billetes.

B2.1.3. Utiliza os recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas de aprendizaxe e da vida cotiá.

Bloque 3: XEOMETRÍA

B3.1.1. Emprega o razoamento matemático para clasificar figuras xeométricas de acordo con criterios libremente elixidos ou preestablecidos

B3.2.1. Describe obras de arte que conteñen elementos xeométricos.

B3.2.2. Realiza simetrías, translacións e rotacións.

Bloque 4: TRATAMENTO DA INFORMACIÓN, AZAR E PROBABILIDADE

B4.1.1. Lee, interpreta e realiza representacións gráficas sinxelas a partir dunha serie de datos relacionados con situacións da vida diaria.

B4.1.2. Comprende e usa termos básicos de estatística a partir da análise de mostras de datos sinxelos e habituais no seu entorno.

4. ÁMBITO DE CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL

4.1.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE. CONTIDOS
Bloque 5 O noso Universo.
B5.1 O Universo: orixe, estrutura e compoñentes básicos.
B5.2 Os movementos dos corpos celestes e os seus efectos.
B5.3 A Terra, un planeta do sistema solar.
Bloque 6 Xeografía Física.
B6.1 Cartografía e escalas.
B6.2 Localización na terra, paralelos e meridianos.
B6.3 O tempo atmosférico. Mapa do tempo.
Bloque 2: Xeografía humana, política e económica
B2.1 Poboación europea e española. Taxa de natalidade e esperanza de vida. Distribución e evolución.
B2.2 Desigualdade demográfica no mundo. Movementos migratorios.
B2.3 Dereitos e deberes da cidadanía europea.
B2.4 Economía europea e española.
Bloque 4 Materia inerte
B4.1 Contaminación e efectos nos ecosistemas. Actividades humanas que inflúen negativamente no medio ambiente: contaminación do aire, auga e solo.
2º TRIMESTRE. CONTIDOS
Bloque 3 Tecnoloxía
B3.1 Circuitos eléctricos. Materiais condutores e illantes.
B3.2 Pancas, poleas, rodas e engraxes. Funcionamento, tipos e usos.
B3.3 Máquinas e aparellos. Tipos e funcionamento dos principais invento tecnolóxicos.
Bloque 4 Materia inerte
B4.1 Forzas e obxectos. Formas de deformación e movemento.
B4.2 Formas de enerxía.
B4.3 Fontes de enerxías renovables e non renovables.
B4.4 Electricidade e magnetismo.
Bloque 7: Ecosistemas e seres vivos
B7.1 Estrutura dos seres vivos.
B7.2 A célula. Tecidos, órganos e aparatos.
B7.3 Organismo unicelulares e pluricelulares. Virus.
B7.4 Ecosistemas: biótomo e biocenoses.
B7.5 Interaccións entre os elementos dun ecosistema.
Bloque 8. Funcionamento do corpo humano.
B8.1 Función de nutrición. Os aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.
B8.2 Función de relación. Os órganos dos sentidos, sistema nervioso e endócrino. Aparello locomotor.
3º TRIMESTRE. CONTIDOS
Bloque 1: Perspectiva histórica
B1.1.A perspectiva histórica: a historia persoal e familiar.
B1.2.As pegadas do pasado no contorno próximo.
B1.3.Os grandes avances nas etapas da historia.
B1.4.Hechos históricos relevantes.
B1.5.A repercusión da historia na situación actual.
B1.6. Os medios de comunicación de masas.
Bloque 2: Xeografía humana, política e económica
B2.1.Constitución Española de 1978 e o Estatuto de Autonomía de Galicia como normas fundamentais da convivencia.
B2.2.Órganos de goberno e organización territorial de España.
B2.3.Galicia como comunidade autónoma. Os seus símbolos.
B2.4.A Unión Europea. Principais organismos internacionais.
Bloque 3 Tecnoloxía
B3.1.A ciencia e as súas repercusións na sociedade. Presente e futuro.

4.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- B5.1 Manexar e expresar información concreta e relevante de feitos e fenómenos sociais e históricos, desde una perspectiva crítica e construtiva, a través de exposicións orais, diálogos e debates.
- B6.1 Interpretar e elaborar representacións propias das ciencias naturais e sociais empregando números, medidas, conceptos básicos de espazo e forma, así como estratexias de razoamento lóxico matemático, que permitan reflexionar e analizar feitos naturais, sociais e históricos.
- B2.1 Interpretar e elaborar representacións propias das ciencias sociais e naturais empregando números, medidas, conceptos básicos de espazo e forma, así como estratexias de razoamento lóxico matemático, que permitan reflexionar e analizar feitos naturais, sociais e históricos.
- B4.1 Analizar e interpretar de maneira crítica información e acontecementos relacionados coa natureza, valorando que esta é un ben da humanidade.
- B3.1 Empregar estratexias para solucionar problemas cotiás básicos, seguindo un procedemento sistemático baseado no método científico.
- B3. 2 Usar a tecnoloxía con responsabilidade para maximizar os beneficios e minimizar as desvantaxes da súa utilización.
- B3.3 Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos
- B4.3. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible.
- B4.4 Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.
- B7.1 Integrar os coñecementos adquiridos en diferentes contextos e con diferentes niveis de detalle para comprender tanto a estrutura global como aspectos particulares do mundo natural e social.
- B8.1 Utilizar a linguaxe formal adecuada para describir, en termos básicos precisos o funcionamento do corpo humano.
- B8. 2 Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc.
- B1.1 Comprender, respectar e gozar de diferentes manifestacións culturais e artísticas consideradas como patrimonio dos pobos a escala local, nacional e internacional.
- B2.1.Manexar e expresar información concreta e relevante de feitos e fenómenos sociais e históricos, desde una perspectiva crítica e construtiva, a través de exposicións orais, diálogos e debates.
- B2.2 Valorar a importancia da participación na actividade social e cívica nun contexto local, nacional e europeo.
- B3.1. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.

4.3.- ESTÁNDARES MÍNIMOS DE APRENDIZAXE AVALIABLES

MÓDULO I A TERRA

Bloque 5 O noso Universo.

B5.1 1 Utiliza o vocabulario e as estruturas lingüísticas adecuadas para expresar os contidos propios das ciencias naturais e sociais.

B5.1.3 Comprende a importancia dos movementos dos corpos celestes e sabe explicar os seus efectos.

Bloque 6 Xeografía Física.

B6.1.5 Recoñece as diferentes paisaxes do seu contorno e de Galicia, comprendendo que son produto das relacións entre axentes físicos e biolóxicos, e destacando a especial relevancia da acción sobre eles dos grupos humanos.

Bloque 4 : Materia inerte.

B4.1.1 Valora a importancia de manter o equilibrio dos ecosistemas.

B4.1. 2 Relaciona diferentes estilos de consumo e a contaminación que xeran coas súas consecuencias medio ambientais a corto e medio prazo.

B4.1.3 Coñece as fontes de enerxía dispoñibles no planeta e os usos habituais de cada una delas e comprende o impacto económico e medioambiental que ten una actividade humana irresponsable.

MÓDULO II O TRABALLO

Bloque 3. Tecnoloxía

B3.3.1 Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.

B4.3.1 Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, chuvia ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.

Bloque 7: Ecosistemas e seres vivos

B7.11 Elabora esquemas sobre os seres vivos, a estrutura dos ecosistemas e o funcionamento do corpo humano.

B7.1.3. Diferenza organismos unicelulares de pluricelulares e expresa as claves do seu funcionamento..

Bloque 8. Funcionamento do corpo humano.

B8.1.2 Coñece a importancia da nutrición e sabe que procesos e aparellos interveñen nela.

B8.1.3 Comprende e explica como se leva a cabo o proceso dixestivo: a dixestión, a absorción dos nutrientes e a eliminación das sustancias de desfeito.

MÓDULO III A VIDA EN COMUNIDADE.

Bloque 1: Perspectiva histórica

B1.1.1. Recoñece elementos representativos da cultura de España e de Europa.

B1.1.3. Cita representantes da cultura española recoñecidos de maneira internacional.

Bloque 2: Xeografía humana, política e económica

B2.2.1. Coñece a xestión de servizos nos niveis de administración autonómica, provincial e local.

B2.2.2. Participa activamente en debates de actualidade de maneira calmada, respectuosa e argumentada en base ao seu propio xuízo crítico

Bloque 3: Tecnoloxía

B3.1.1. Coñece e explica algún dos grandes descubrimentos da humanidade.

B3.1.2. Coñece e explica algún dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.

5. ÁMBITO DE DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL

5.1.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE. CONTIDOS
Bloque 1 Intelixencia emocional
B1.1 Estilo persoal positivo.
B1.2 Riscos de personalidade.
B1.3 Canalización de emocións
Bloque 2 Participación social
B2.1 Respecto e dignidade persoal.
B2.2 Interculturalidade. Interrelixiosidade.
B2.3 Altruísmo. Condutas solidarias.
B2.4 Conceptos básicos de dereito.
2º TRIMESTRE. CONTIDOS
Bloque 1 Intelixencia emocional
B1.1 Resiliencia, reestruturación cognitiva.
B1.2 Estratexias de resolución pacífica de conflitos.
B1.3 Traballo en equipo. Afinidade e compenetración.
Bloque 4: Iniciativa persoal
B4.1 Toma de decisións
B4.2 Empleabilidade e empresa.
B4.3 Entidades financeiras.
B4.4 Autoemprego.
B4.5 Ferramentas informáticas para a busca de emprego.
3º TRIMESTRE. CONTIDOS
Bloque 2 Participación social
B2.1 Boletíns e publicacións oficiais.
B2.2 Partidos e sindicatos
Bloque 3 Calidade de vida
B1.1 Estilo de vida saudable.
B1.2 Proxecto de vida familiar.
B1.3 Planificación e organización familiar.
B3.4 Busca e oferta de actividades de ocio.
B3.5 Relacións sociais. Amizade
B3.6 Apoio e redes sociais.
B3.7 Adaptabilidade, flexibilidade e creatividade.

5.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1.1 Utilizar a linguaxe para expresar as reflexións persoais e describirse dun modo axustado, autorregularse e interactuar dunha maneira positiva cos demais, resolvendo os problemas e os conflitos dunha maneira pacífica; e expresar procedementos, deseñar e desenvolver proxectos adecuados aos intereses, necesidades e valores persoais de acordo co contexto.

B2.1 Empregar o razoamento lóxico para prever as consecuencias positivas e negativas de diferentes cursos de acción; tomar decisión de maneira fundamentada e realizar xuízos éticos ou morais, sen deixarse levar por prexuízos ou emocións e atendendo ás consecuencias da decisión.

B4.1 Usar ferramentas dixitais que permitan consultar documentación oficial, acceder a prestacións sociais, buscar emprego ou publicitar a propia actividade profesional e facer un uso proveitoso da oferta de formación continua dispoñible para adultos.

B2.1 Comprender e respectar a diversidade da sociedade española, valorándoa como oportunidade de colaboración para obter beneficios colectivos; ter coñecementos básicos de dereito para comprender a regulación da sociedade e participar nos diferentes ámbitos sociais.

B1.1 Ser quen de elaborar proxectos de vida significativos, nos ámbitos persoal, familiar e laboral, con creatividade e iniciativa persoal para xerar novas oportunidades; e ter as competencias necesarias para adaptarse a circunstancias cambiantes, sustentarse economicamente e manter a calidade de vida.

5.3.- ESTÁNDARES MÍNIMOS DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

MÓDULO I A TERRA

Bloque 1 : Intelixencia emocional

B1.1.1 Expresa pensamentos, intencións e posicionamentos cun estilo positivo e construtivo, destacando os logros e reformulando as dificultades como aspectos a mellorar.

B1.1.3 Emprega estratexias comunicativas asertivas que facilitan a resolución de conflitos de maneira dialogada.

Bloque 2 Participación social

B2.1.1 Identifica vantaxes e inconvenientes dunha decisión antes de tomala, xerando alternativas persoais valiosas

B2.1.2 Infere correctamente o sentido das expresións e o estado emocional dos interlocutores cos que dialoga.

MÓDULO II O TRABALLO

Bloque 1 Intelixencia emocional

B1.1.1 É quen de mediar para a resolución pacífica de conflitos cotiás.

B1.1.3. Emprega estratexias comunicativas asertivas que facilitan a resolución de conflitos de maneira dialogada.

Bloque 4 Iniciativa persoal

B4.1.1 .Realiza buscas en Internet de actividades lúdicas e culturais que se están ofertando na súa comunidade ou concello.

B4.1.3 Acede a portais de emprego e recompila información sobre postos de traballo do seu interese.

MÓDULO III A VIDA EN COMUNIDADE

B2.1.1 Detecta a presenza de prexuízos en diversas situacións e razoa e explica as consecuencias negativas que poden ter.

B3.1.1. Expón interpretacións dun problema ou conflito persoal e propón estratexias para transformar os aspectos negativos en oportunidades de cambio e mellor.

6. AVALIACIÓN

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

No nivel dous realizaranse, polo menos, tres sesións de avaliación para cada grupo de alumnos e alumnas, que serán presididas pola persoa titora. A avaliación estará diferenciada por ámbitos e módulos, incluídos os da oferta curricular propia do centro.

A avaliación será continua tendo en conta os criterios de avaliación e cualificación establecidos na programación en cada un dos ámbitos polo equipo docente. Os resultados da avaliación saíran das sesións de avaliación que realice o equipo docente e expresaranse nos termos **S** (supera) e **NS** (non supera).

A avaliación final deberá realizala todo alumno/a que non teña superadas algunha das avaliacións no momento de rematar o curso. Nese caso realizará a parte correspondente as avaliacións non superadas. En caso de só lle quedar pendente unha das avaliacións realizará exclusivamente a proba correspondente á devandita avaliación.

7. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Control e observación da asistencia, participación e aproveitamento.
- Observación sistemática, rexistro e control por parte do profesorado.
- Realización e entrega en prazo de traballos individuais e/ou en grupo.
- Valoración do traballo e esforzo persoal.
- Probas parciais orais e escritas.
- Exames finais.

8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- a) Controis orais: 10%
- b) Probas escritas: 60%
- c) Tarefas realizadas en clase, orais e escritas, individuais e traballos en grupo, participación en actividades comunicativas de produción oral e comprensión: 10%
- d) Interese, asistencia regular, esforzo persoal: 20 %

9. PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Ao finalizar o curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. O alumno ou a alumna accederá á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse as veces que se consideren necesarias ata que o alumno acade a promoción de nivel ou a outra etapa educativa.

A promoción do alumnado será decisión do equipo docente na sesión final de avaliación e excepcionalmente pode facerse ao longo do curso. Para promocionar á seguinte etapa o alumnado deberá amosar que acadou os obxectivos e o nivel competencial requirido.

Para a promoción teranse en conta os seguintes criterios:

- Asistencia con regularidade e participación nas clases.
- Traxectoria do alumnado a todos os niveis. académico, de actitude, participación e disposición cara ao traballo.
- Implicación e esforzo persoal.
- Resultados da avaliación continua.
- Resultados das probas trimestrais e finais.

Excepcionalmente poderase promocionar ao alumnado á etapa seguinte (ESA) antes da avaliación final ao longo do curso cando o profesorado titor e o equipo docente o consideren. Logo da avaliación inicial ou se o profesorado considera que a evolución do alumnado e o seu nivel competencial corresponden á ESA. Neste caso o profesorado titor fará a proposta de promoción por escrito, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, á dirección do centro.

10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Non se utilizan libros de texto para o desenvolvemento das clases. O profesorado aportará ao alumnado materiais d elaboración propia e outros recursos que se porán a disposición a través da Aula Virtual e tamén material impreso.

Para o desenvolvemento das unidades nos distintos ámbitos contaremos con distintos materiais:

- Unidades didácticas da páxina web da Consellería de Educación, MEC,..
- Libros de lectura.
- Recursos educativos (Internet).
- Recursos elaborados polo profesorado.
- Computador.
- Aual virtual.
- Canón e proxector.
- Recursos da biblioteca.
- Biblioteca da aula.
- Recursos en rede.
- Prensa *on-line* e escrita.

11. PÁXINA WEB E AULA VIRTUAL

<http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduardopondal/>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduardopondal/aulavirtual/>

A Coruña, 15 de setembro de 2024

O equipo docente